

CULTURA PREVENTIVA
Documento aprobado pola Asemblea Xeral da Conferencia de Reitores das
Universidades Españolas (CRUE)
celebrada en Madrid o 3 de abril de 2006
Grupo de Traballo de Calidade Ambiental e Desenvolvemento Sustentable da CRUE

Descrición de política preventiva da CRUE

A universidade, á que lle corresponde realizar o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, é consciente da importancia de:

- Garantir no seu seo un elevado nivel de protección fronte aos riscos derivados das súas actividades e de mellorar as condicións de seguridade e saúde de todos os membros da comunidade universitaria,
- Propiciar unha política preventiva coherente, coordinada, eficaz e incardinada en todos os niveis xerárquicos das distintas estruturas organizativas que conforman esta institución académica.
- Incorporar a seguridade e saúde no traballo como un factor sinérxico nos seus procedementos, sistemas e organización, e contribuír así ao logro dos seus fins e á mellora do funcionamento da universidade como servizo público da educación superior.
- Establecer un marco en que se recollan as liñas mestras de cantas actuacións deban acometerse nesta materia.

Como consecuencia diso, e independentemente de que cada universidade adapte a política á súa idiosincrasia, cre oportuno adoptar os acordos seguintes:

1. Que todas as universidades, conscientes de que a accidentabilidade non é unha consecuencia do exercicio da propia actividade, senón dunha inadecuada política de prevención, se comprometan a integrar a seguridade e a saúde na actividade que desenvolva o seu persoal, o seu estudiantado e o persoal dos servizos externos como un elemento esencial seu.
2. Que o reitor e todos os órganos de goberno sexan os primeiros en asumiren este compromiso como un obxectivo do seu mandato e para iso adopten e fomenten as accións necesarias para manter as condicións de traballo e estudo de todos os integrantes da comunidade universitaria nunha contorna segura e saudable como un elemento máis do ciclo de mellora continua.
Para logralo, terán que promover a obrigatoria integración da prevención en todas e cada unha das actividades da universidade (docencia en aulas e laboratorios, investigación, saídas de campo e resto de actividades profesionais) co obxecto de teren unha maior calidade docente e investigadora e formaren profesionais cunha maior preparación e sensibilización en materia preventiva.
3. Que os responsables de todas e cada unha das diferentes actividades universitarias apliquen o liderado necesario para lograren o obxectivo de que a dita actividade cumpra as normas establecidas en materia preventiva e integre a seguridade como un elemento imprescindible en todos os procedementos e actuacións.

4. Que se lles pida a todos os membros da comunidade universitaria que asuman este compromiso de previren os riscos e o proxecten cara á súa actividade de traballo e aprendizaxe para que a boa práctica preventiva beneficie a sociedade.

Este compromiso debería facerse presente en todos os ámbitos de actividade das universidades, mediante a expresión do decálogo seguinte:

POLÍTICA DE SEGURIDADE E SAÚDE DECÁLOGO DE PRINCIPIOS E COMPROMISOS

1. A prevención dos riscos laborais é unha esixencia ética, legal e social que ten que ser integrada, como un elemento máis de modernización e mellora da organización, en cada unha das actividades que se levan a cabo na universidade e na actuación de todos os seus niveis xerárquicos.
2. A implicación na prevención de riscos afecta a todos os integrantes da comunidade universitaria.
3. Ao reitor, máximo responsable da institución, correspóndelle a dirección da política preventiva e a asunción do liderado necesario para a integración e fomento da prevención na universidade.
4. A universidade disporá os recursos humanos e materiais necesarios para desenvolver as actividades preventivas.
5. Os responsables e promotores de cada unha das actividades universitarias exercerán o liderado requirido para que estas se desenvolvan en condicións axeitadas de seguridade, saúde e protección do medio.
6. A actividade preventiva ten que ser obxecto de planificación mediante un plano preventivo elaborado por cada universidade que se realizará desde unha perspectiva de seguridade integrada na actividade universitaria.
7. A universidade deberá garantir a formación e información en materia preventiva e a participación de toda a comunidade universitaria en todos os aspectos relativos á seguridade que lles poidan afectar.
8. Todas as actividades universitarias que poidan comportar un risco establecerán, no seu deseño e desenvolvemento, mecanismos de control preventivo.
9. A política preventiva deberá ser acorde e integrada coa política de calidade, política ambiental e de recursos humanos da institución. Realizaranse auditorías ou outros medios de control que permitan comprobar a implantación da política preventiva nos distintos niveis de xestión da universidade.
10. Será obriga de todos os membros da comunidade universitaria cumpriren os principios da política preventiva e a súa difusión.